e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el Convenio o en las leyes.

DÉCIMOSEXTO. Este Convenio tiene naturaleza administrativa y se regirá por lo establecido en la el capítulo VI del título preliminar de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. Para resolver las dudas y lagunas que pudieran suscitarse en su aplicación se estará a los principios del Derecho Administrativo, así como, en defecto de los anteriores, a los generales del derecho común.

Para lo no previsto en el presente Convenio, será de aplicación la normativa vigente en cada momento.

Para la resolución de cualesquiera cuestiones litigiosas que se originen en relación con el presente Convenio, y que no pudieran resolverse de forma amistosa en el seno de la Comisión, las Partes se someten a la competencia de los tribunales contencioso-administrativos de A Coruña.

Y para que conste, se firma el presente documento en DOS (2) ejemplares y a un solo efecto, en la ciudad y fecha indicados en el encabezamiento. (...)"

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación adoptar o acordo de dar conformidade ao Convenio transcrito no Expositivo.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."



## **Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos presentes.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.  
Asinado dixitalmente ao marxe."

### **INTERVENCIONS**

**Sra alcaldesa** como xa se explicou na comisión o motivo de traer novamente o convenio que xa fora aprobado na anterior lexislatura foi unha cuestión meramente xurídica porque constaba a cesión e patrimonio considera que ten que ser unha concesión demanial, entón houbo que facer novamente o convenio e traelo a comisión e a pleno para firmar posteriormente na autoridade portuaria e se prevé que as obras si todo vai ben sexan para xuño e podan sacalas a licitación.

**Sr Dominguez Louro:** nos vamos apoiar isto que duda cabe porque de unha vez por todas hai que solucionar ese problema que pode causar un grave problema en accidentes ou desgracia e perda de vidas humanas, sen embargo aquilo foi en abril de 2018 e estamos practicamente en abril do 2020 e polo medio pasaron dous anos, e tamén gobernos no Estado de diferente color, outra vez, PP e PSOE e estamos como estábamos, benvido sexa que sexa así, firmar de novo isto, benvido sexa que en xuño se empecen as obras, ogallá pero a veces quen redacta estes convenios e se encarga de facer estes convenios parece que o toman a cachondeo o seu traballo en serio porque non é serio sinceramente que vaian dous anos onde alguén fixo mal o seu traballo e os veciños e veciñas de toda aquela zona de Cee e Muxía estean hoxe como están, para min é unha pena e é mais sóname a que alguén dende arriba lle dixo a quen debería, "búscame unha disculpa porque aquilo se nos fué de mano y hay que hacer algo, nos inventamos otro convenio y retrasamos y buscamos la disculpa para justificar que non invertimos alí o que tiñamos que ter invertido".

**Sra alcaldesa:** simplemente unha mera matización, pode ser que politicamente podemos dicir calquera argumento e facelo corre así pero a realidade é que a avogacía do estado tiña un criterio pero asesoría xurídica de Patrimonio considerou que estaba mal que era unha mutación demanial, ese foi o motivo do retraso, non é unha cuestión doutro tipo, so xurídica onde varios técnicos de diferentes departamentos opinan diferente e houbo que adaptarse a eles, tamén ter en conta que non o dixen que non convenio aumentou a cantidade de 589.272 a 636014,55 euros, simplemente sinalar iso.

### **VOTACIÓN**

#### **Sométese á votación o Convenio e resulta aprobado no seguinte sentido:**

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	2	3	2	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIONS	-	-	-	-	-

#### **7. Proposta da Concelleira de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego relativa ao MANIFESTO "DÍA INTERNACIONAL DA MULLER" 8 MARZO 2020".**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 20 de febreiro de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



### **“3. Proposta da Concelleira de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego relativa ao MANIFESTO “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER” 8 MARZO 2020”.**

Considerando o seguinte:

“**ASUNTO:** Aprobación Manifesto.

Emilia M<sup>a</sup> Trillo Lojo, Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Emprego, pola presente **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN** a aprobación do seguinte:

#### **“MANIFESTO “DÍA INTERNACIONAL DA MULLER” 8 MARZO 2020**

Hai moitos motivos para celebrar, un ano máis, o 8 de marzo “Día Internacional da Muller”, un día no que podemos reflexionar sobre os avances acadados entre todas ao longo da Historia a pesar das dificultades culturais, sociais, educativas, económicas e incluso políticas, coas que nos atopamos.

As mulleres conseguimos moitos logros, logros inimaxinables hai só unhas décadas pero, a pesar dos evidentes avances, as desigualdades persisten, por iso, non podemos baixar a garda e debemos traballar cada día con máis forza e firmeza, sendo moi conscientes de que nesta loita debemos estar todas máis unidas que nunca.

A invisibilización do traballo das mulleres, as diferencias salariais, o desemprego e a precariedade laboral, a desigualdade no reparto das tarefas domésticas, as dificultades de conciliación familiar e laboral, etc... son unha boa mostra de todo o camiño que queda por percorrer e da súa dificultade...

Este día, conmemora a nosa loita por unha participación igualitaria, convidanos á reflexión sobre as discriminacións sufridas dende a antigüidade ata os nosos días e lévanos a visibilizar a inestimable achega das mulleres ao longo da Historia en todas as esferas sociais, a cal foi silenciada de maneira intencionada ao longo do tempo.

Vivimos unha delicada situación nos nosos días que nos leva necesariamente a afianzar o compromiso cos dereitos e as melloras na protección social, a priorizar a participación das mulleres nas instancias de decisión e a continuar coa labor de promover e esixir cambios en valores e actitudes sociais; porque o momento que atravesamos non debe impedir o compromiso político, social e persoal coa igualdade de oportunidades nin debe ser escusa para un retroceso nos logros acadados.

Conscientes de que o compromiso social e político son fundamentais para acadar este obxectivo de igualdade real entre mulleres e homes, dende o Concello de Cee apostamos por visibilizar a desigualdade coma primeira forma de loitar contra ela e asumimos o compromiso de continuar traballando na sensibilización, prevención e erradicación contra a violencia de xénero á fin de acadar unha sociedade na que as mulleres vivan libres de violencia, unha sociedade paritaria e participativa na que consigan ocupar o lugar que lles corresponde por dereito e por capacidade.

Dende o Concello de Cee facemos, neste día un chamamento a toda a cidadanía, para que xuntos avancemos cara unha sociedade máis xusta e igualitaria e na que ninguén quede fóra.”

Asinado dixitalmente ao marxe.

Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Emprego.”

#### **Sométese á votación o manifesto e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA

Asinado dixitalmente ao marxe.”



## INTERVENCIÓNS

Non se producen

## VOTACIÓN

### Sométese á votación a Proposta e resulta aprobado no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	2	3	2	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

### 8. Moción do 8 de marzo presentada polo BNG. (Ditame).

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 20 de febreiro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

"O Sr Pérez Martínez introduce por urxencia a **MOCIÓN 8 DE MARZO**.

Resulta ratificada a urxencia pola maioría absoluta esixida (2 abstencións do grupo IXCee e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión).

Transcríbese a MOCIÓN:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica. Baixo o lema "Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema derrubando o patriarcado" están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xomada do 8 de marzo.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratúta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros.

Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no inf raf inanciamento de moitos servizos públicos.



Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das Dersoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Foqar.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

E, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado do que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres gdegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción doméstica.

2.2- Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares gdegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vatraxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3. Demandar da Xunta de Galiza a asuición dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente eunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras."



**Sométese a Moción á votación e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor do grupo socialista e BNG e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA  
Asinado dixitalmente ao marxe.

## INTERVENCIÓNS

**Sr Dominguez Louro:** Como nas anteriores mocións, tanto PP e PSOE quee non leron a EM senón os acordos a adoptar fago o mesmo:

1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado do que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción doméstica.

2.2- Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3. Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente e unha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras."

## VOTACIÓN

**Sométese á votación a moción e resulta aprobado no seguinte sentido:**

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	2	3	2	1
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

9. **Moción para dar solución aos problemas de pediatría na Costa da Morte presentada polo BNG (Ditame).**



Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 20 de febreiro de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

“O Sr Pérez Martínez introduce por urxencia a **MOCIÓN PARA DAR SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS DE PEDIATRÍA NA COSTA DA MORTE**.

Resulta ratificada a urxencia pola maioría absoluta esixida (2 abstencións do grupo IXCee e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión)

Transcríbese a MOCIÓN:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Xunta de Galiza leva unha década de recortes na sanidade pública sen precedentes, conducindo á sanidade a un deterioro que está a provocar unha grande alarma social. Casos como os acontecidos na Estrada ou en Dozón, coa morte de peros por falla de medios e persoal sanitario suficiente, son o resultado da política de desmantelamento por parte do Partido Popular cuxo resultado é a situación actual.

Desde o Bloque Nacionalista Galego levamos meses e meses denunciando a falta de cobertura de prazas de médicos e médicas, baixas que non se cobren, redución de profesionais, listas de espera, etc... até a última das medidas relativa ao peche da sala de partos do hospital de Verín. Toda esta situación provocou que se convocase por segundo ano consecutivo unha manifestación en defensa da sanidade pública e contra o desmantelamento e peche dos servizos e hospitais públicos, e que unha vez mais está fose un éxito de asistencia, proba clara da alarma social antes mencionada.

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións de profesionais e doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, políticas que afectan de forma especialmente grave ás contornas rurais no noso país. Sinálase desde todas estas organizacións que non é só un problema de falta de profesionais, o problema fundamental derívase, como xa se ten sinalado entre outros polos propios profesionais médicos, que se trate de prazas interinas, temporais, precarizadas e de gran incerteza para unha estabilidade futura. Varias sentenzas xudiciais que condenaron a Xunta polas condicións de precariedade e discriminación de persoal de pediatría na área de Ourense, puxeron de manifesto que non só os profesionais ven que aí reside o problema. Tal é así que xa o Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde concluía que hai un importante envellecemento do persoal, polo que é unha evidencia que, se a Consellaría de Sanidade non adapta as prazas de formación ás necesidades asistenciais, a consecuencia será que o Sergas non disporá de persoal suficiente para cubrir as vacantes que se van producindo por xubilación, ausencias, baixas, etc...

Compre sinalar tamén dous factores mais, o atraso na publicación das listas de contratación de persoal facultativo de hospital, que impide que se poida facer unha cobertura axeitada ao descoñecer os profesionais cos que se conta, e a mala previsión da Xunta de Galiza, que ignora a previsión de xubilación dos facultativos, e as deficientes condicións que ofrecen ás e aos profesionais que acaban marchando a outras partes de Galiza ou do Estado.

## O INCUMPRIMENTO DA LEI

A lei 8/2008 de 10 de Xullo de Saúde de Galicia recoñece o dereito a asignación de persoal facultativo con continuidade, así o establece no seu Artigo 12o. -"Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia" recoñecendo no punto 5 o "Dereito á asignación de persoal facultativo, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial, e, de ser o caso, do persoal de enfermaría responsable do seguimento e do plan de coidados. No caso de



ausencia, as persoas substitutas asumirán tal responsabilidade." E no punto 9 o "Dereito á continuidade asistencial, á coordinación e á integración das funcións asistenciais da atención primaria e especializada." Compre destacar desta lei o artigo 14.1, ".Dereitos relacionados con grupos especiais." Onde di claramente que se debe prestar especial atención "as persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as doentes que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, as pacientes diagnosticadas de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia."

En resumo a Xunta de Galiza, a través do SERGAS incumpre a lei de Saúde de Galicia, deixando á súa cidadanía sen os servizos médicos básicos que así lle recoñece a lei. O servizo pediátrico na Costa da Morte lamentablemente a bisbarra tamén está a ser pasto das malas políticas do Partido Popular ao fronte da Xunta de Galicia. Fisterra conta un pediatra fixo que actualmente de baixa que está sen cubrir. Dumbría e Muxía comparten un puericultor/a- En Vimianzo hai unha pediatra interina que pillou excedencia, e o puericultor de Baio- Zas ten que cargar co peso das dúas localidades, pasando consulta no centro vimiancés. No concello de Camariñas a situación é a dunha puericultora que fai tres días en Camariñas e dous na Ponte do Porto. As crianzas de Camelle van a Ponte do Porto.

Polo que respeta a situación de Cee, a recente marcha da pediatra ao hospital de Verín procovou o traslado do puericultor de Muxía ao noso concello, e terá que ser él quen desempeñe a laboura dun/dunha pediatra e un/unha puericultor que serían os que nos correspondería polo ratio de pacientes temos, tendo en conta que ten que dar servizo a Corcubión. Polo dito até o momento, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ao pleno do concello de Cee a adopción do seguinte ACORDO

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a dar maior estabilidade a todos os profesionais de pediatría e demais traballadores e traballadoras da sanidade pública con políticas destinadas a dotar de estabilidade os postos de facultativos en todos os centros e rematar coa precariedade e a explotación laboral.
- 2.- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.
- 3.- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.
- 4.- Demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais.
- 5.- Instar ao goberno galego a garantir a atención pediátrica no concello de Cee en condicións de suficiencia e calidade.

**Sométese a Moción á votación e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor do grupo socialista e BNG e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

Asinado dixitalmente ao marxe."

## INTERVENCIONS

**Sr Dominguez Louro** igual que antes o que pedimos é:





- 1.- Instar á Xunta de Galiza a dar maior estabilidade a todos os profesionais de pediatría e demais traballadores e traballadoras da sanidade pública con políticas destinadas a dotar de estabilidade os postos de facultativos en todos os centros e rematar coa precariedade e a explotación laboral.
- 2.- Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego, para negociar de inmediato na mesa sectorial, que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e a convocar a totalidade das prazas vacantes.
- 3.- Aumentar as prazas de formación para as especialidades de Atención Primaria, nomeadamente, pediatría e medicina familiar e comunitaria.
- 4.- Demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais.
- 5.- Instar ao goberno galego a garantir a atención pediátrica no concello de Cee en condicións de suficiencia e calidade.

**Sr vigo** tanto nesta moción como fai un par de meses que presentou o mesmo BNG, así como a de despois, manteremos a abstención entendendo que a meirande parte da exposición de motivos e peticións son asumibles e defendibles e outras é mais complicado, a realidade é que non é unha única administración da que depende de que isto se resolva, depende por unha parte da organización do sistema sanitario de Galicia da CCAA da formación de especialistas polo goberno de España e que polo tanto vai mais aló do que nos poidamos dicir, e xa poñerlle números concretos a cantos teñen que vir ou non é mais complicado sobre todo si estamos a falar de que hai concellos que teñen dificultades para atopar un único pediatra, entón, reiterando que estamos de acordo ca meirande parte do contido das dúas mocións tanto desta do BNG como a do Psde a postura vai ser abstención.

**Sr Dominguez García:** da impresión de que o goberno da xunta do PP non contrata pediatras porque non quer, eu recordo na última moción que presentou o Bng o mes pasado, mire si ten un pediatra traiao que está contratado, entón si esta moción puxera o punto nº 4, esta e a seguinte do Psde, pasara ao punto nº 1 e como consecuencia de ese punto si a Xunta non contratara osea punto nº 4 di **Demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais, si se pon este punto de primeiro** e unha vez tido prazas de pediatra non se contratan son o primeiro en ir as manifestacións pero si non as hai non podemos obligar que fabriquen que non poden, si o nº 4 pasa a nº 1 e como consecuencia de ese punto nº1 si a Xunta persiste en non contratar eu tamén vou as manifestacións, agora se non é así, non. Non sei si se me entendi, que pase o nº 4 o nº1 porque o nº 4 do Psde reconece que non hai pediatras entón como se vai contratar, o Punto 1 que sexa este: **Demandar do Goberno español o aumento do número de prazas para adaptar as prazas de formación polo sistema de Residencia MIR e EIR que se ofertan en Galiza, ás necesidades reais que ten o Sergas de cobertura de profesionais**

**Sra alcaldesa:** é o mesmo

**Sr Dominguez García:** Non porque antes esixides unha cousa sen habela, o outro día fíxose unha manifestación pedindo pediatras, por moito que os pidamos, non choven de arriba, teñen que autorizar mais prazas no Estado para poder contratar si non autorizan non se pode, si autorizadas non se contratan tamén vou a manifestación, non se pode esixir unha cousa si non a hai. **Si se pon o 4 de 1 e como consecuencia unha vez conseguido isto que a Xunta contrate os pediatras necesarios.**

**Sra alcaldesa:** Eso non é alterar o orde soamente, porque engade en consecuencia unha vez conseguido, non é un mero cambio de orde.

**Sr Dominguez García:** Non se pode comer o postre antes da comida, si se pon o 4 de 1 e unha vez que se consiga este punto que a Xunta contrate pero antes non pode porque non os hai, si é así si senón votaremos en contra as dúas mocións.

**Sr Pérez:** solo é o 4 no sitio do 1?



**Sr Dominguez García:** e unha vez tidos os pediatras que se contraten os necesarios pola xunta.

**Sr Pérez:** Eso xa é mais que cambiar

**Sr Dominguez Garc:** Agora permiten as emendas, igual para o próximo non así que hai que aproveitar, vamos emendar mentras se pode.

**Sr Dominguez Louro:** si fora o simple orde non me importaría e eso casi que tampouco, pero hai algo que a veces obvia o PP parece que non gobernou nunca, os pediatras e profesionais sanitarios non se forman de hoxe para mañán e o PP non fai tanto que gobernou no Estado español e algo de culpa terá co que está pasando no sistema sanitario. Aquí levamos moitos anos tendo pediatras cando menos discutible que estiveran, ou sin ser pediatras tan siquera como está sucedendo neste momento que hai puericultores que non son pediatras, incluso a ratio de nenos e nenas é suficiente para un segundo pediatra, polo tanto non ven de agora o problema de fai dous anos, senón de fai moito tempo atrás, as miñas nenas teñen 11 anos, e dende que van o pediatra tiveron así sempre, persiste no tempo o problema o PP non é alleo a esta situación, nada mais.

**Sr Dominguez Louro:** que imos votar?

**Sra alcaldesa:** cambiar o 4 para o 1 e unha vez conseguido aceptamos os outros puntos todos.

**Sr Dominguez Louro:** eso xa é así.

**Sr Dominguez García:** No no no

**Sr Dominguez Louro:** Home si

**Sr Dominguez García:** Non é igual pedilo antes de que o haxa

**Sr Dominguez Louro:** cambiamos o 4 no sitio do 1

**Sr Dominguez García:** No, unha vez conseguido o nº 4 no sitio do nº 1 aceptamolo resto.

**Sr Pérez:** de todos modos a responsabilidade é compartida porque levamos moitos anos de goberno popular .

**Sr Dominguez García:** Solo quero o punto nº 4 de nº 1, intelxible, non encende o micro.

**Sr Dominguez Louro:** pola miña parte non hai problema en cambiar

**Sra alcaldesa:** é cambiar e engadir

**Sr Dominguez Louro:** con tal de que esté contento o Sr Dominguez estou disposto.

**Sr Dominguez García:** sSi non é así logo vou a manifestación

**Sr Dominguez Louro:** Non é cuestión de manifestación que xa dixo Vde que eu iba por deporte.

## VOTACIÓN Á EMENDA:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	-	2	3	2	1
CONTRA	4	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-

## VOTACIÓN

### Sométese á votación a moción emendada e resulta aprobada no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	2	-	2	-
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	3	-	1

**Sr Pérez Martínez:** Pois si que o vamos a pasar ben con este novo sistema non?

**Sra Alcaldesa** o sistema acábase hoxe.



**Sr Dominguez Louro** :temos que aproveitar, non temos presa.

**Sr Vigo**: intelxible, non encende o micro.

**10. Moción para a mellora da atención pediátrica en atención primaria na Costa da Morte, presentada polo grupo socialista. (Ditame).**

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 20 de febreiro de 2020 emitíuse o seguinte DITAME:

“Sra Trillo Lojo introduce por urxencia a **MOCIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN PEDIÁTRICA EN ATENCIÓN PRIMARIA NA COSTA DA MORTE.**

Resulta ratificada a urxencia pola maioría absoluta esixida (2 abstencións do grupo IXCee e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión)

Transcríbese a MOCIÓN:

**ASUNTO: MOCIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN PEDIÁTRICA EN ATENCIÓN PRIMARIA NA COSTA DA MORTE**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal socialista do concello de Cee, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A figura do pediatra é clave no crecemento e desenvolvemento dos nenos, actuando de guía para as familias fronte ós problemas de saúde comúns, agudos, psicosociais, e tamén para as intervencións preventivas, sendo a Administración Sanitaria quen debe asegurar que os nenos e adolescentes reciban o mellor coidado posible a cargo dos profesionais máis cualificados para iso.

É fundamental como membros da corporación traballar conxuntamente para que se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir o deterioro do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público. O concello de Cee necesita uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Na Costa da Morte a atención pediátrica en atención primaria está a atravesar por dificultades xa dende fai tempo, que lonxe de solucionarse vanse agravando. Nuns casos non hai atención e noutros fan falla máis profesionais debido á sobrecarga asistencial existente, o que repercute negativamente na calidade da atención prestada. As nais e pais están a manifestar o seu malestar fronte a esta crise. En Zas, con 500 cartillas, non hai asistencia.

O profesional que presta asistencia no centro de saúde de Cee, cubrindo os concellos de Cee e Corcubión, ten 1041 cartillas máis os desprazados e os nenos de aseguradoras privadas, co que se alcanza a cifra de 1500 nenos. A ratio recomendada pola OMS é de 800 nenos por profesional.

Ademais nestes intreos tamén está atendendo ós nenos de Fisterra (500 cartillas), xa que non se cubriu a baixa do pediatra.

Ante esta situación sométese ó Pleno a aprobación da seguinte Proposta:

**PRIMEIRO:** Instar de xeito urxente á Consellería de Sanidade, dependente da Comunidade Autónoma de Galicia para que proceda a realizar as xestións necesarias, adoptando os acordos pertinentes, para dar solución á situación sanitaria exposta na parte dispositiva da presente moción



e que se concretan en:

1. Aumentar a dotación de prazas, xa que son insuficientes e existe unha sobrecarga nos cupos.
2. Dotar dun segundo pediatra ó centro de saúde de Cee para mellorar a asistencia.
3. Cubrir as baixas, licencias, permisos e vacacións do persoal existente para non sobrecargar as listas de espera doutros facultativos.
- 4.- Instar ó goberno do Estado o aumento do número de prazas no sistema MIR para cubrir as necesidades reais de Pediatría.

**SEGUNDO:** Para o caso da súa aprobación, dar traslado do acordo que se adopte co texto íntegro da presente moción á Consellería de Sanidade, ó Presidente da Xunta de Galicia, á Mesa do Parlamento, a tódolos Grupos Parlamentarios, o Sergas e ó Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

**Sométese a Moción á votación e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor do grupo socialista e BNG e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA  
Asinado dixitalmente ao marxe.”

## INTERVENCIÓNS

**Sr Dominguez García** a mesma emenda

**Sra Trillo:** sei que non hai pediatras, Verín quedou sen pediatra, encontraron pediatra o mellor a Xunta tamén ten que xestionar os recursos, terá que reunirse cos profesionais, sindicatos e ver como xestionar o que teñen agora, o que está pasando é que nos sitios pequenos ten que incentivar a Xunta, a responsabilidade da política sanitaria é da xunta agora mesmo, e logo mirar outras cousas porque podo dicir, mire, cando arraxamos o centro médico dou a casualidade de que para o mobiliario dos centros de saúde dotaron cartos, unha subvención, había sillas que estaban perfectas, os bancos de silla, falei coa persoa que os foi levar e díxome é para tirar, eso doe, porque o hospital de C ee ten 3 carteis, xunqueira, público debe ser o mais sinalizado de toda España, o que non o ve é porque non quere iso costa cartos, igual hai que racionalizar por outros lados, non é so que non hai pediatras que si que o goberno ten que aumentar as prazas, así o pedimos pero tamén terá que sentarse e racionalizar e mellorar as cousas.

**Sr Dominguez García:** non creo que a xunta estea despilfarrando cartos, hoxe tratamos o tema de pediatría e si aceptan a emenda que puxemos o bloque votamos a favor senón non.

**Sra alcaldesa:** unha puntualización porque parece ser que o problema é destes últimos anos cando a formación dun pediatra require mais anos.

**Sr Dominguez García:** Non será formalos senón que se autoricen.

**Sra alcaldesa:** iso ten que vir de mais anos non de 2 para ter gora os pediatras necesarios para cubrir todas as prazas, haberá que aumentar as prazas, pero o problema ven dende fai moitos anos.

**Sr Dominguez García:** Ben, é culpa de Rajoy, fai moitos anos, a culpa a Rajoy ou a Montoro, poñamoslle a culpa tamén.

## VOTACIÓN Á EMENDA:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	-	2	3	2	1
CONTRA	4	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	-	-	-



## VOTACIÓN

### Sométese á votación a moción emendada e resulta aprobada no seguinte sentido:

VOTOS	PSdeG-PSOE	PP	IXCEE	BNG	CIUDADANOS
FAVOR	4	2	-	2	-
CONTRA	-	-	-	-	-
ABSTENCIÓNS	-	-	3	-	1

### **B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

#### **11. Dar conta de resolucíons da alcaldía para coñecemento: Nº 35/2020 do 23 de xaneiro á Nº 125/2020 de 20 de febreiro.**

Quedan enterados/as.

#### **12. Dar conta ó Pleno da execución trimestral do orzamento 4º trimestre 2019.**

Quedan enterados/as.

#### **13. Mocións de urxencia.**

Non se producen.

#### **14. Rogos e preguntas.**

Intervén o Sr Dominguez García: estase grabando o pleno?.

Sra alcaldesa: Non porque aínda non está aprobado o regulamento.

Sr Dominguez García: Como me preguntou Pilar e aprobei iso tou pendente do tema.

Sr Dominguez Loru: Está actuando logo.

Sr Dominguez García: Eu estaba actuando pensando que estaba a cámara pero non esta, esto unha pregunta que me pasou Agueda que os parques infantís sobre todo o de aí están en moi mal estado

Sra alcaldesa: Se estiveron facendo reparacións puntuais hai que facer unha reforma.

Sr Dominguez García: Eso vino eu en Brens o outro día diante do polideportivo de Brens hai uns baches impresionantes si chove cae auga e cae un neno e afoga

Sr Villar Agulleiro: é certo que está feito de zahorra, a parte da zahorra, vaise pedir, pedimos alquitrán pero como era unha cantidade grande, había que rellenar antes,- intelixible- o ideal será poder ampliar todo con formigón, están os orzamentos pedidos.

Sr Dominguez García: - intelixible- a carretara que vai de Ruíbo a Lires.

Sra alcaldesa: el problema del socabón, se mandó a Aguas de Galicia por el tema que está el río, está pendiente de contestación.

Sr Dominguez García: Parece que a xente abre a chisma e pasa para alí

Sra alcaldesa: Se adoptarán medidas

Sra Areas: A xente abre a valla e cando veñen de volta non a pechan, despois non se pode dar volta, polo menos poñer que está cortada a carretera e vallar o xusto para deixar acceso as fincas.

Sra alcaldesa: Estamos pendentes, si resoven pronto

Sr Dominguez García: respecto o alumbrado público que se vai reformar, con cargo a unha subvención de industria para o aforro enerxético tiven botando un vistazo, os criterios son o prezo e a garantía, no proxecto as características da luminaria as reúne a luminaria mais barata, a garantía de 10 anos a dan todas, que significa? Que nos van poñer as luminarias mais cativas do mercado, porque cumpriran cas esixencias do proxecto, farán unha baixa impresionante na oferta, non sei si se presentaron, unha baixa grandísima dos 300.000 aforraremos 150.000 que volven a xunta de galicia, creo que había que incentivar a calidade e aproveitar os cartos todos da subvención, por exemplo Philips, Atp van existir sempre, outras marcas dan 10 anos cando non teñen nin 2 de vida, penso que é mellor invertir en



calidade e non devovelos e poñer luminarias cativas, algo de eso entendo e vexo que se van tirar cos cartos.

Sra alcaldesa: si lee os criterios de solvencia igual le aclaran esos puntos.

Sr Dominguez García: da la adjudicatraria, pero si salgo eu buscaría a luminaria mais barata que existe porque reúne os requisitos

Sra alcaldesa: No coincido con usted.

Sr Dominguez García: Vamos velo e non vamos a tardar e eso é estropear os cartos da subvención.

Sra alcaldesa: No se preocupe

Sr Dominguez García: Claro que me preocupo

Sra alcaldesa: No se preocupe que los pliegos están estudiados.

Sr Dominguez Louro: primeiro volvendo o tema das mocións e demais sinto ser pesado pero que se reconsidere o que se quer facer, que se siga mantendo o sistema de ata agora porque hoxe deuse unha paradoxa a hora de introducir as emendas que despois si é como parece ser si non se pode emendar dase a paradoxa que o grupo de goberno vota a favor dunha moción que a emenda vota en contra, entendo que non é para Vdes a mellor maneira, repito por última vez que cando unha cousa funciona non hai porque tocala, a segunda era sobre a luminaria de Caneliñas, hoxe avisaronme que non foi cambiada e preguntar porque, igual cuestión de tempo pero si se vai cambiar en breve ou que teñen pensado.

Sra alcaldesa: la iluminaria esa existe un problema técnico con ella, mientras non se solvete esa situación no se puede cambiar.

Sr Dominguez Louro: Con esa?

Sra alcaldesa: Con la zona de abajo de Caneliñas que hay que hacer un estudio, tenemos unas que funcionan y otras no, tenemos un requerimiento de Fenosa aí.

Sr Pérez: Entonces mentras tanto non se pode?

Sra alcaldesa: No nos lo permiten

Sr Dominguez García: Si se funde unha bombilla non se cambia?

Sra alcaldesa: Depende de la zona.

-intelixible-

Sra alcaldesa: para el próximo pleno os traeré el detalle con los informes correspondientes.

Sra Iglesias: el ascensor para cuando calcula?

Sra alcaldesa: Se miraron la piezas, se encargaron se hizo el contrato menor, ya vinieron a revisar, en principio era para esta semana, no llegó una pieza, me dijeron que para la que viene venían.

Sr Hermida: quería preguntar sobre o mercado que varios tendeiros me preguntaron si se está subindo as cuotas porque parece que se está a desmantelar o mercado.

Sra alcaldesa: Mercado municipal?

Sr Hermida: O mercadillo dos domingos.

Sra alcaldesa: No se van a subir, se deben muchas, deben muchos, no se va subir ninguna cuota que las fija el Pleno.

Sr Hermida: Reivindicar respecto a traída de auga de Pereiriña as casas dende a escola a Muxía e as que van a Codesos non teñan auga de traída de ningún tipo.

Sra alcaldesa: Hai que seguir facendo e ampliando, cando podamos se seguirá

Sr Hermida: non teñen auga veciñal, están cun pozo

Sra alcaldesa: Vamos por tramos, evidentemente o próximo tramo será por aí Codesos, Vilanova, o saneamento tamén se necesita nesa zona.

Sr Hermida: Están sin auga veciñal.

Sra alcaldesa: Levan asi moitos anos non?

Sr Hermida: moitos non porque a veciñal a fixeron fai uns 10 anos pero non lle deixaron enganchar

Sra alcaldesa: Osea que llevan 10 años con pozos.

Sr Hermida: quería reivindicar.

Sra alcaldesa: si, si.



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2020/G010/000003

Ás 20:57 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

[ DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE ]

FIRMA: 09/03/2020 14:46:00

Margarita Lamela Louzán

(FECHA: 09/03/2020 14:40:00)

Rocio Hermida Cancela

FIRMA: 09/03/2020 14:40:00

Versión imprimible

CVD: /pqRm5TQ+t/2UkqwFPK0  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)